

Entendendo as declaracións do presidente do BCE

Eduardo L. Giménez

Neste artigo tentaremos de entender dúas cuestións referidas ás declaracións da semana pasada do presidente do Banco Central Europeo (BCE), Jean Claude Trichet. A primeira refírese á indicación de posibles subidas das taxas de xuro de referencias para xuño, as cales veñen ocasionando un novo récord no Euribor ao longo desta semana, reflexo de que os axentes que actúan no mercado consideran bastante cribel dita posibilidade.

Por qué realiza estas declaracións tan "claras" o presidente do BCE, cando os dirixentes das institucións monetarias adoitan ser obsesivamente cuidadosos coas súas palabras para non dar pistas a aqueles axentes dos mercados sempre atentos a tomar ventaxas de adelantarse as actuacións destas institucións?

A segunda cuestión é a analoxía que establece Trichet da escalada de prezos ca que aconteceu nos anos 70. ¿En realidade, estamos na mesma situación? Para responder á primeira cuestión

temos que ter en conta dous elementos. Por un lado, o Tratado da Unión Europea (o Tratado de Maastricht) dispón que "O obxectivo principal do Sistema Europeo de Bancos Centrais será manter a estabilidade de prezos" (art.105). É dicir, o BCE é o garante do control de prezos. Por outro, unha entrevista, hai dúas semanas, na que Jean Claude Trichet indicaba que ao longo desta semana pasada se esperaban as previsións de crecemento da zona euro. Daquela, ¿que podemos deducir das declaracións de Trichet? Pois que as previsións non deben ser moi malas, logo que agora anuncia que seguramente haberá que subir as taxas de xuro de referencia para controlar a cada vez maior inflación. En realidade, a receta é de libro de texto: subir as taxas de xuro, para contraer a demanda na economía e controlar a subida de prezos.

Para responder á segunda —se en realidade estamos na mesma situación que

hai tres décadas—, indicar que en termos reais, a inflación afectou dun xeito moito máis forte ás economías nos anos 70 —lémbrese as longas colas e o desabastecemento xa non polo encarecemento senon pola falta de suministro—. Aínda non asistimos a este racionalmento. Entón, ¿en qué é diferente a situación? Podemos identificar tres diferenzas fundamentais a respecto dos anos 70:

1. Os países europeos están máis preparados para un aumento dos prezos enerxéticos. En realidade levan trinta anos preparándose buscando aforro enerxético e fontes de enerxía alternativas: cunha redución do 20% das necesidades enerxéticas externas.

2. Os bancos centrais son independentes. Nos anos 70 existía o apoio académico do último keynesianismo ca curva de Phillips, que propugnaba políticas monetarias actuais para actuar a economía aínda que fora a costa da

suba de prezos. Isto foi nefasto nos anos 70 e precisou dun duro axuste nos 80. Actualmente, propúgnase que os bancos centrais teñan como misión o control de prezos.

3. Superávits orzamentarios. Os gobernos están máis preparados para as vacas flacas. En liña co que comentou o director do FMI Dominique Strauss-Khan, esto permite levar a cabo maior investimento público e maiores gastos sociais sen detraer recursos adicionais da economía vía impostos.

En conclusión, Trichet non fai senon actuar seguindo o respaldo teórico actual en teoría económica: controlar a inflación con políticas monetarias, e deixar aos gobernos que utilicen os seus superávits para levar a cabo políticas fiscais que amortiguen os custos de aqueles axentes económicos que padecen máis a crise e a recesión.

Departamento de Fundamentos da Análise Económica. Universidade de Vigo.